



Un grupo de oito licenciados universitarios amplían a súa formación no Parlamento durante o ano 2015

- **Resultaron seleccionados na quinta convocatoria de bolsas de formación convocadas polo Parlamento de Galicia no marco dun protocolo de colaboración asinado coas universidades galegas en 2010**

Santiago, 12 de marzo de 2015.- Un total de oito licenciados universitarios ampliarán a súa formación práctica no Parlamento de Galicia durante o ano 2015, unha vez concluído o proceso de selección para a concesión de catro bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación, dúas en publicacións, unha en comunicación institucional e outra en informática.

Este novo grupo incorporouse ao Parlamento de Galicia o pasado 1 de marzo. A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, deulles a benvida e convidounos a aproveitar esta oportunidade para ampliar a súa experiencia, ao tempo que lles dixo que todas as ideas e achegas que podan formular serán benvidas.

As bolsas para a formación práctica de licenciados universitarios na Cámara galega enmárcanse nun protocolo asinado entre o Parlamento de Galicia e as tres universidades galegas en maio de 2010. A actual convocatoria constitúe a quinta edición das mesmas.

A actividade formativa que os bolseiros desenvolven na Cámara galega está tutelada polos responsables e demais persoal técnico das unidades do Parlamento de Galicia ás que son asignadas as persoas seleccionadas en cada convocatoria.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.